

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Benestar Social

Bases reguladoras da convocatoria pública de axudas económicas destinadas a familias con menores a cargo usuarios dos comedores escolares de centros públicos ou concertados non xestionados pola Xunta de Galicia no curso escolar 2022/2023

A concelleira de Política social e promoción do Deporte con data de quince de maio de 2023, resolveu aprobar a convocatoria e as bases das Axudas económicas destinadas a familias con menores a cargo usuarios dos comedores escolares de centros públicos ou concertados non xestionados pola Xunta de Galicia no curso escolar 2022/2023

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles (20) a contar desde o da seguinte á publicación do anuncio no Boletín oficial da Provincia.

BASES REGULADORAS da CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO USUARIOS DOS COMEDORES ESCOLARES DE CENTROS PÚBLICOS OU CONCERTADOS NON XESTIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA NO CURSO ESCOLAR 2022/2023

1.- OBXECTO

O obxecto desta BASES é regular o proceso de convocatoria de axudas económicas destinadas a familias empadroadas en Culleredo con menores a cargo escolarizados en centros públicos ou concertados de Culleredo o de outro municipio usuarios de comedores escolares non xestionados pola Xunta de Galicia que cumpran os requisitos definidos na presente convocatoria.

Para o ter dereito a estas axudas de comedor escolar será imprescindible en todo caso que o menor beneficiario teña asignada xa unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar público ou privado no curso escolar ao que se refire a convocatoria .

As axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Esta convocatoria comprenderá o período lectivo do curso escolar 2022/2023 e a concesión de saída terá carácter retroactivo.

2.- RÉXIME XURÍDICO

As axudas que aquí se convocan teñen carácter de prestación asistencial aos efectos do *artigo 2.a da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia* .

A *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local*, atribúe aos concellos competencias ,concretamente no seu art. 25 no seu apartado e) sinala como competencia a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Doutra banda a *Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia* recolle este mandato e o desenvolve no *Decreto 99/2012* que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O artigo 3º desta lei, sinala como obxectivos do sistema galego de servizos sociais os seguintes:

“a)Facilitarlles alternativas,recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación de de risco ou exclusión social.

.....

c)darlles protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aqueloutras persoas que se atopen en situación de conflito ou desamparo.

.....

e)proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

f)garantirlles o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.”

A convocatoria estará a disposición das persoas interesadas na *sede electrónica do Concello de Culleredo*. Ademais, un extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña (<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>).

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

O crédito total destinado a esta convocatoria é de 125.000€.

Este gasto imputárase á aplicación orzamentaria 231.4.480 da anualidade 2023.

No caso de esgotarse este crédito ,e dado o carácter asistencial das axudas, poderá seren ampliado.

4.- PERSOAS DESTINATARIAS.

Familias empadroadas no Concello de Culleredo con anterioridade á apertura de prazo da convocatoria, con menores ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou concertados que sexan usuarios dun servizo de comedor escolar de primaria e infantil non xestionados pola Xunta de Galicia.

5.- REQUISITOS PARA ADQUIRIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIA.

A persoa solicitante da axuda, deberá ter en conta que para acceder á condición de beneficiaria polos menores ao seu cargo, deberán reunir, na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes ,e manter durante todo o período de duración da actividade subvencionada, os seguintes requisitos:

- **PADRÓN:** Acreditar empadramento no Concello de Culleredo con antelación á data de solicitude da axuda polo menos do menor beneficiario cun dos proxenitores. Este requisito deberá manterse durante todo o curso escolar subvencionado.
- **CONVIVENCIA:** Acreditar a convivencia do menor beneficiario coa persoa solicitante da axuda.
- **MATRÍCULA ESCOLAR:** Estar matriculado nun centro educativo que conte con servizo de comedor autorizado pero non xestionado pola Xunta de Galicia.
- **RENDA FAMILIAR:** Non superar a renda per cápita máxima equivalente ao 100% do IPREM vixente no momento da convocatoria.
- **SITUACIÓN NO SERVIZO SUBVENCIONADO:** Os menores polos que se percibe a axuda deberan ser usuarios fixos do servizo na modalidade continua ou descontinua.
- **POTESTADE:** Ter a tutela legal dos menores para os que se solicita a axuda ou ter concedido o acollemento familiar.
- **SOLICITUDE:** Presentar a solicitude da axuda no prazo establecido e no modelo normalizado.(ANEXO I)
- **DOCUMENTACIÓN:** Achegar toda a documentación e autorizacións requiridas nestas bases.
- E cumprir coas obrigas derivadas da participación nesta convocatoria.

6.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias desta axuda as seguintes:

- Asistir ao comedor durante todo o período subvencionado.
- Cumprir coa normativa específica reguladora do funcionamento do servizo do comedor escolar.
- Aboar a parte que corresponda á familia polo servizo de comedor escolar.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os órganos de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a suspensión ou reintegro da axuda.

7.- UNIDADE FAMILIAR.

Para os efectos desta convocatoria considéranse que forman parte da unidade familiar , no momento da solicitude, as seguintes persoas:

- os proxenitores, ou, de ser o caso, a/s persoas que teña/n atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela,
- os menores susceptibles de seren beneficiarios.
- os seus irmáns que convivan no mesmo domicilio.

Nos casos de separación legal, divorcio ou cando non existe vínculo matrimonial , a unidade familiar estará formada pola nai ou polo pai e todos os descendentes que convivan con un ou outro e estean legalmente ao seu cargo , si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e/ou fillos a cargo.

En base á Disposición final terceira da modificación da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia que modifica á Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor o proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga a la conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes o mulleres que afrontan a paternidade ou maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viudo e os fillos e fillas .
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo de fillos e fillas sen que exista custodia compartida.

Terán a mesma consideración que o fillo ou filla :

- a) As persoas unidas ao único proxenitor o proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- b) O concebido ou concebida, sempre que mediante a aplicación de esta asimilación se obtivera un meirande beneficio.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio, a persoa destinataria da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor dacordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

Nos supostos de acollemento, a persoa destinataria da axuda será a persoa ou persoas que teñan adxudicada por resolución administrativa ou acto xudicial.

En ningún caso poderán ser destinatarios da axuda os proxenitores privados de patria potestade dos seus descendentes ou si a garda ou tutela fora asumida por unha institución pública.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita familiar nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia a estes efectos como monoparental.

8 .- DOCUMENTACIÓN XERAL E ESPECÍFICA.

As persoas solicitantes deberán formular a solicitude no modelo normalizado achegado a esta convocatoria presentando a seguinte documentación:

8.1. Modelo de solicitude específica para a convocatoria 2022-2023 cuberto e asinado polos dous proxenitores, si é o caso.(ANEXO I)

Coa **sinatura** da mesma farán :

a) A declaración responsable:

- O compromiso de cumprimento dos requisitos da convocatoria.
- Que a persoa que solicita a axuda non ten solicitada nin concedida outra axuda para a mesma finalidade.
- Ter residencia efectiva no termo municipal.
- A veracidade dos datos identificativos, familiares e laborais requiridos.

b) A autorización ao concello de Culleredo :

- A consultar o empadramento no concello da persoa solicitante e os menores destinatarios da axuda e as persoas convivintes.
- A consultar os datos necesarios para acreditar o servizo realizado á empresa prestadora do comedor .
- A realizar as necesarias notificacións municipais polo medio elixido.

c) A alegación das circunstancias especiais que desexa se valoren na súa solicitude acompañando a seguinte documentación xustificativa correspondente:

- **Incompatibilidade horaria laboral** : Certificación da empresas ou entidade empregadora no que se especifique o horario laboral que dificulta o xantar na casa. Darase unicamente puntuación cando ambos proxenitores acrediten a situación ou si o proxenitor e único.
- **Monoparentalidade**: Certificado de monoparentalidade expedido pola *Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia* .
- **Situación de violencia de xénero**: A través de calquera dos medios que contempla o artigo 5 da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, sempre que se poda comprobar que a situación de violencia se tivo producido dentro dos últimos tres anos; Certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei; Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública, autonómica ou local; Certificación dos servizos de acollida da administración pública autonómica ou local.

- **Familia numerosa.** Título de familia numerosa en vigor expedido pola administración competente.
- **Acollemento familiar:** copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia .
- **Discapacidade dos menores ou dos proxenitores:** Certificado de Grao de discapacidade dos menores beneficiarios ou das persoas que ostenten a custodia.

A solicitude poderá asinarse por un único proxenitor cando se dean as seguintes circunstancias :

- Nos casos de que exista un único proxenitor e nos que existindo dous proxenitores a custodia estea atribuída a un único proxenitor.
- Cando a persoa representante legal do menor preséntase demanda xudicial para o establecemento de medidas paterno-filiais.

8.2. Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que acredite devandito vínculo.

8.3. Certificado de matrícula escolar do curso obxecto da axuda emitido polo centro escolar no que estean matriculados os menores .

8.4. Documentación xustificativa do gasto realizado e:

Só se admitirán facturas, xustificantes bancarios de pago, ou certificados da empresa prestadora do servizo sempre que recollan o seguinte detalle:

- a) o gasto realizado.
- b) o menor usuario del servizo prestado.
- c) o período no que se desenvolveu o servizo de comedor .

8.5. Documentación relativa a acreditación de ingresos económicos:

Para a valoración da situación económica da unidade familiar teranse en conta **os ingresos declarados e os ingresos medios** que resulten da documentación anterior cuantificados para 12 meses.

8.5.a Informe de vida laboral ,ou certificado que a substitúa, completo e actualizado, dos membros da unidade familiar a teren en conta para a valoración, *expedido pola Tesourería da Seguridade Social*. Só se terán en conta para a valoración aqueles que conteñan os datos correspondentes ó momento da presentación solicitude. No caso de presentar un resguardo da petición, o documento pendente achegarase en canto se teña recibido este, sendo responsabilidade da persoa solicitante o facelo antes do abono da axuda ,sen que por parte da entidade local se formalice requirimento. A non presentación do orixinal ou copia compulsada do devandito documento nese momento entenderase como desestimento da solicitude.

8.5.b Nos casos de unións de feito con descendentes recoñecidos, separación ou divorcio, **copias das sentenzas e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das aportacións económicas establecidas**. No caso de impagos, copia da solicitude de execución de sentenza presentada ante o xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

8.5.c. No caso de **menores en situación de acollemento**, copia do **certificado do organismo competente** e, no seu caso, **contía da remuneración que se perciba**.

8.5.d. Calquera **outra documentación que xustifique os ingresos percibidos** en función das circunstancias sinaladas na solicitude .

8.5.e Para os casos en que non sexa posible a obtención de datos económicos de ambos ou algún dos proxenitores ,como non constar dado de alta no censo de contribuíntes no exercicio requirido, proxenitores sen actividade laboral ou profesional nese exercicio, será obrigatorio presentar unha **declaración responsable de conformidade co Anexo I** que deberá seren **asinada polos proxenitores afectados** por esta circunstancia. Cada proxenitor fará constar nese anexo, os ingresos que obtivo nos últimos doce meses, así como a procedencia dos devanditos ingresos.

8.5.f. Declaración do IRPF do exercicio 2022 para traballadores por conta allea .

8.5.g. As declaracións tributarias anuais relativas ao exercicio 2022 liquidado, no caso de traballo por conta propia.

8.6. Certificación da conta bancaria onde se fará o ingreso da axuda económica concedida.

CONSIDERACIÓNS sobre as consecuencias da documentación NON aportada xunto á solicitude para a adxudicación da puntuación.

Para a concesión da axuda aplicarase exclusivamente a puntuación derivada da situación acreditada polas persoas solicitantes no momento de levarse a cabo a valoración das solicitudes; polo que, a non aportación ao expediente da documentación acreditativa das distintas situacións alegadas previamente a esta valoración conlevará a non puntuación das mesmas sen que este feito poida ser obxecto de revisión. En definitiva, a valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que efectivamente as persoas solicitantes acheguen, e da que se achegue ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O Concello reservase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

9.- CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Na valoración das solicitudes atenderase ao concepto de “unidade familiar” definida nesta convocatoria.

A concesión/denegación da axuda virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes apartados:

- A) Situación económica da unidade familiar.
- B) Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras
- C) Situación sociofamiliar.
- D) Situación de discapacidade do/a menor beneficiario/a ou dalgún dos proxenitores ou das persoas que ostentan a custodia.

As puntuacións a adxudicar en cada apartado son as seguintes:

A) Situación económica da unidade familiar nuclear.	
RPC	PUNTUACIÓN
Desde 0 € ata 4000,99€	10 puntos
Desde 4001€ ata 5000,99€	9 puntos
Desde 5001€ ata 6000,99€	8 puntos
Desde 6001€ ata 7000,99€	7 puntos
Desde 7001 ata 7200€	6 puntos
B) Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.	
Incompatibilidade Horaria das persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia ou titores.	1 punto
C) Situación sociofamiliar.	
Monoparentalidade	1 punto
Violencia de Xénero	1 punto
Familias numerosas	1 punto
Acollemento familiar	1 punto
D) Situación de discapacidade do/a menor beneficiario/a ou dalgún dos proxenitores ou das persoas que ostentan a custodia.	
Discapacidade do menor solicitante	1 punto
Discapacidade dalgunha das persoas que ostenten a custodia	1 punto

A puntuación mínima total esixida para a concesión da axuda económica para comedor escolar será de: 7 puntos.

Aos efectos de **valoración da situación económica da unidade familiar**:

- a) Procederáse a calcular a renda per cápita da unidade familiar (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da devandita unidade. Ademais deberán terse en conta as seguintes circunstancias:
- no caso de que a custodia da persoa beneficiaria da axuda (alumno/a) sexa exercida por ambos os dous proxenitores serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose os dous como membros da unidade familiar.
 - no caso de que a custodia da persoa solicitante sexa exercida ou estea atribuída a un único proxenitor, serán obxecto de valoración os ingresos do proxenitor custodio, xunto coas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.
- b) En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambos os proxenitores salvo que se presentou polo proxenitor que figura como representante legal do menor na solicitude desta axuda, demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais.

Para o **cálculo da renda per cápita** da unidade familiar atenderase a:

- a) **Á declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2022** (Modelo D-100 do IRPF).

Con carácter xeral sumaranse a *base imponible xeral* e a *base imponible do aforro* (casiñas 435 e 460 da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas). No caso de que a declaración do ano fose presentada na modalidade conxunta para ambos proxenitores, pero da configuración actual da unidade familiar nuclear resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse as bases anteriores ao 50%.

No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, presentarán o certificado de imputación de rendas do ano. Para estes efectos sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.

- b) **As pensións de alimentos actuais** establecidas nas sentenzas de separación ou convenios reguladores instados ou aprobados xudicialmente en relación co/coa menor solicitante. As ditas pensións non computarán en caso de falta de pagamento sempre que se solicitase a execución do título xudicial.

Excepcionalmente, no caso de que non sexa posible a obtención de datos sobre ingresos do exercicio declarado en renda teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada conforme ao ANEXO II, da vida laboral e do resto de documentación presentada de conformidade co previsto no apartado 8 desta convocatoria.

10.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN e VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

10.1.Revisión de solicitudes e subsanación.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o *persoal técnico da Área municipal de Benestar social*, como **órgano de instrución do procedemento**, revisará a documentación presentada e **verificará o cumprimento de todos os requisitos** así como a presentación da documentación obrigatoria establecida nesta convocatoria.

No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada acreditativa dos requisitos para optar a axuda sinalados no punto 5 destas bases, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles, que se contarán desde o seguinte ao da publicación do acto en taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, emenden as faltas detectadas.

A tal efecto, os medios utilizados para as sucesivas publicacións relacionadas con este procedemento será a sede electrónica municipal e páxina web do Concello de Culleredo.

No caso de que a corrección se refira á acreditación do cumprimento de requisitos do *apartado 5* advertirase que en caso de non atender ao requirimento ou non facelo adecuadamente teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no *artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

En todo caso, as persoas interesadas poderán en calquera momento do procedemento, anterior ao trámite de valoración, achegar documentos, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

Aos efectos de confidencialidade e aplicación de protección de datos, comunicárase *Id (identificación individual do expediente de solicitude)* a cada solicitante para a consulta de datos cando se publiquen ou difundan por calquera medio dos indicados.

10.2. Valoración e resolución das solicitudes.

Unha vez completadas as solicitudes, procederase a valoración das mesmas e aplicarase o seguinte procedemento:

- 1) Elevación de proposta de concesión e denegación ao órgano con competencia na resolución.
- 2) Publicación de listaxes de concesións e denegacións (con indicación da causa que as motiva) segundo o indicado nas presentes bases polo medio xa sinalado.

Trala resolución (concesións, denegacións, outras condicións) publicaranse identificando a solicitude correspondente a cada menor atendendo as iniciais dos seus apelidos seguido da do seu nome tras unha coma xunto aos tres últimos dígitos do DNI da persoa solicitante precedida de asteriscos aos efectos de cumprimento do establecido na *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de "Protección de Datos de Carácter Personal y Garantía de los Derechos Digitales (LOPDGDD)* sobre a fixación de regras sobre o uso de datos persoais identificativos das persoas interesadas nas publicacións sobre actos administrativos.

10.3. Compatibilidade con outras axudas.

As axudas convocadas nas presentes bases son incompatibles con outras axudas convocadas por outras entidades ,incluídas as do propio Concello de Culleredo, ou organismos públicos ou privados para o mesmo concepto ou finalidade salvo coa concedida polo *Ministerio de Educación para os menores con necesidades educativas especiais*.

10.4. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude deberá presentarse no impreso municipal específico deseñado para esta convocatoria 2022/2023 , que se achega xuntamente con estas bases ,acompañado da documentación que se sinala nos apartados 5 e 8 desta convocatoria.

Deberá estar asinada por ambos proxenitores ou, polo representante legal dos menores beneficiarios.

Os rexistros municipais facilitarán copias desta solicitude que tamén estará dispoñible na sede electrónica municipal.

A solicitude específica, os anexos e o resto de documentación poderá presentarse presencialmente nos rexistros municipais (Casa do Concello e Edificio de Servizos Múltiples) , de xeito telemático no rexistro da sede electrónica municipal, así como en calquera outro dos previstos no *art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O prazo para presentar as solicitudes será de **vinte días hábiles (20)** desde o seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

10.5. Mesa valoración.

Para a valoración das solicitudes presentadas nomearase un órgano colexiado denominado "mesa de valoración" constituída por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1/A2 e adscrito/a ao Servizo responsable da convocatoria.
- Vogais: tres funcionarios/as de carreira municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 .
- Secretario: un/ha funcionario/a de carreira municipal

Para cada un dos membros nomearase unha persoa suplente, que actuará nos casos de imposibilidade de asistencia do titular.

A mesa de valoración aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instructor.

A persoa titular da xefatura de servizo de Benestar social ou a persoa que a substitúa como órgano instructor, á vista do expediente e do informe da "mesa de valoración", formulará a proposta de resolución provisional, que, debidamente motivada, xerará unha **listaxe provisional** que se publicará no taboleiro de anuncios e edictos municipal na sede electrónica do concello, indicando as persoas con axudas concedidas e denegadas, a puntuación outorgada e a contía das mesmas , así como aquelas solicitudes que non foron obxecto de valoración por presentarse fóra de prazo ou por teren desistido as persoas solicitantes da súa petición.

A publicación realizarase nos lugares indicados neste apartado 10 da convocatoria e iniciará o cómputo dun **prazo para que as persoas interesados poidan presentar alegacións** .Este prazo será de dez (10) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación das listaxes.

11.- PROCEDIMIENTO de ALEGACIONES, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Despois de examinar as alegacións, a "mesa de valoración" realizará un informe que se elevará ao órgano instructor, que **elaborará a proposta de resolución a definitiva**. Publicada a proposta de resolución definitiva do órgano instructor nos medios

indicados no *apartado 10*, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á axuda de comedor nun prazo de dez (10) días hábiles.

Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación ou de renuncia expresa, a subvención enténdese tácitamente aceptada.

Transcorrido o prazo anterior, o órgano municipal competente **resolverá a convocatoria**. Dita resolución indicará de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentados, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor e será notificada colectivamente mediante publicación nos lugares sinalados no apartado 10 desta convocatoria.

O prazo máximo para resolver a convocatoria e notificar será de **seis meses**, que se contarán desde a publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentación interromperá devandito prazo de conformidade co *artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)*. O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar a resolución, lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude. Serán de aplicación ademais os prazos xerais contidos na *Lei 39/2015 (LPAC)*.

O órgano municipal competente poñerá fin á vía administrativa, e contra ela, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente a resolución da concesión definitiva.

12.- LÍMITE INDIVIDUAL DA AXUDA CONCEDIDA.

A contía da axuda cubrirá a **totalidade do custo do servizo do comedor dos centros públicos** de educación infantil e primaria (CEIP).

No caso dos **centros concertados**, a contía da axuda de comedor será do **80% do total mensual do servizo**.

Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo. A axuda concedida non cubrirá ningún gasto diferente ao propio do servizo de comedor.

13.- COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E RECURSOS

A competencia para a aprobación destas bases recae na concelleira de Política social e Promoción do Deporte.

Autorízase e faculta á Concelleira delegada de política social e promoción do deporte coa aprobación desta convocatoria para interpretar e desenvolver o establecido nesta convocatoria de axudas de comedor escolar, así como para a corrección dos erros materiais de feito ou aritméticos existentes na mesma, de acordo co establecido no *artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

14.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais*, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello de Culleredo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados en este ficheiro poderanse exercer ante o Concello de Culleredo, nos termos establecidos nos *artigos 13 a 18 da citada Lei*, a través da sede electrónica engadindo na descrición da procura de procedementos o texto "Protección de datos de carácter persoal".

15.- XESTIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase directamente a/o solicitante da axuda a través de transferencia bancaria unha vez presentados os xustificantes do gasto sinalados no apartado 8 desta convocatoria.

Culleredo, 16 de maio de 2023

Concelleira delegada de política social e promoción do deporte

Jessica Méndez Sánchez



CULLEREDO
CONCELLO

*“AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO
USUARIOS DOS COMEDORES ESCOLARES DE CENTROS PÚBLICOS OU
CONCERTADOS NON XESTIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA no CURSO
ESCOLAR 2022-23”*

ANEXO I-SOLICITUDE

Datos da persoa solicitante (nai,pai ou titor/a)

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	
Enderezo	C.P
Correo electrónico	Teléf.

Datos da/o alumna/o 1

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	

Datos da/o alumna/o 2

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	

Datos da/o alumna/o 3

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	

Centro educativo para o que solicita a axuda de comedor o curso 2022/2023

--

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE CULLEREDO, con enederezo en Rúa do Concello nº12- 15189 CULLEREDO (A CORUÑA).

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma.

2.- PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a suspensión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas.

3.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos otorga coa sinatura do presente documento.

4.- DEREITO: Ten vostede dereito a acceder , rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como poñerse ou retirar o seu consentemento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Dona/Don _____ con DNI _____ ,
 como persoa solicitante da axuda e representación de todos os membros da unidade familiar incluída dou o meu consentemento para o tratamento de datos de carácter persoal

ASDO:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE :

- Me comprometo a cumprir coas obrigas marcadas na presente convocatoria
- A persoa para a que se solicita a axuda non ten solicitada, e por tanto obtida, outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita.
- As persoas obrigadas nas bases de esta convocatoria teñen residencia efectiva no termo municipal de Culleredo.
- A veracidade dos datos identificativos, familiares e laborais requeridos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

ASDO:

AUTORIZO A:

Consultar o empadronamento da unidade familiar.
 A consulta de datos coa empresa prestadora do servizo.
 Ao Concello de Culleredo a realizar notificacións polos seguintes medios:
 Correo electrónico Enderezo

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

ASDO:

CIRCUNSTANCIAS QUE DESEXA SE VALOREN NA SÚA SOLICITUDE COA ACHEGA DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE:

	Incompatibilidade horaria
	Monoparentalidade
	Situación de Violencia de xénero
	Familia numerosa
	Acollemento familiar
	Discapacidade dos menores ou dos proxenitores

Culleredo,

Sinatura proxenitor 1

Sinatura proxenitor 2

ANEXO II- DECLARACIÓN XURADA DE INGRESOS



CULLEREDO
CONCELLO

“AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO USUARIOS DOS COMEDORES ESCOLARES DE CENTROS PÚBLICOS OU CONCERTADOS NON XESTIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA no CURSO ESCOLAR 2022-23”

ANEXO II- DECLARACIÓN XURADA DE INGRESOS

Datos do proxenitor:

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	
Enderezo	C.P
Correo electrónico	Teléf.

Datos da/o menor 1

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	

Datos da/o menor 2

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	

Datos da/o menor 3

Nome	DNI/NIE/Pas.
Apelidos	

DECLARO baixo responsabilidade solidaria, que hai imposibilidade na entrega da documentación de ingresos da unidade familiar por causa de:

<input type="checkbox"/>	Que no ano 2022 non residía en España.
<input type="checkbox"/>	Que non son titular de DNI, NIF provisional ou NIE
<input type="checkbox"/>	Que non exercín ningunha actividade laboral/profesional desde a miña chegada a España

Durante os 12 meses anteriores á data da solicitude, os meus ingresos económicos foron os seguintes:

Contía	Procedencia dos ingresos

Culleredo,

Sinatura